

**RECURSOS**

Contra as presentes disposicións os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Ponteareas, a 28 de xuño de 2012. — O Alcalde, Salvador González Solla.

2012006700

A N U N C I O

Non tendose formulado reclamacións contra o acordo de aprobación provisional polo Pleno da Corporación Municipal do 20-03-2012, sobre a modificación da ordenanza reguladora da taxa polo servizo de prevención de incendios, prevención de ruínas, derrubamentos, salvamentos ou fundamentos totais ou parciais de construcións, que afectan a diversos artigos de dita ordenanza, elévase o acordo a definitivo cuxo texto íntegro son os seguintes:

No artigo 2º, o punto 1, queda redactado como sigue: “ Son Suxeitos pasivos das taxas en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, tal como reflicte o artigo 35.4 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais.”

No artigo 2º, o apartado 2, queda redactado como sigue: “Nas taxas establecidas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derrubos, salvamentos e en xeral de protección de persoas e bens, correspondendo tamén o mantemento do servizo, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.”

No artigo 2º, o apartado 3, queda redactado como sigue: “Nas taxas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten ós ocupantes de vivendas ou locais, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte os propietarios de ditos inmobles, os cales poden repercutir, no seu caso, nas cotas sobre os respectivos beneficiarios.”

No artigo 4º, onde di “anuais” debe dicir “mensuais”. Engádese a máis un segundo parágrafo que di “para facer efectiva a exención, será preciso acompañala solicitude dun informe dos servizos sociais do Concello.”

No artigo 5º queda redactado do seguinte xeito:

“A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo invertido en este e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

PERSOAL

- Por cada Peón Especialista, por hora ou fracción: 30,00 euros.
- Por cada condutor de vehículo, por hora ou fracción: 35,00 euros
- Por cada auxiliar de vehículo, por hora ou fracción: 30,00 euros.
- Polo xefe de protección civil, por hora ou fracción 35,00 euros.
- Por outro persoal adscrito de xeito circunstancial á prestación do servizo, por hora ou fracción: 30,00 euros.

MATERIAL

- Por cada vehículo, por hora ou fracción: 50,00 euros.
- Por cada auto bomba, por hora ou fracción: 140,00 euros

- Por cada auto tanque, por hora ou fracción: 140,00 euros
- Polo emprego de produtos especiais para a contención de axentes tóxicos, por metro cadrado afectado: 12,00 euros.

DESPRAZAMENTOS

- Por cada vehículo que actúe e por cada quilómetro de percorrido, computarase ida e volta: 5,00 euros.

SERVIZOS

- Pola apertura de porta a domicilio e outros, por hora ou fracción: 25,00 euros
- Pola expedición de informes ou certificacións dos servizos realizados ou solicitados. 4,00 euros

O artigo 7º, queda redactado do seguinte xeito: “De acordo cos datos que certifique o servizo de combeiros, os servizos tributarios dende o Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazo sinalado polo Regulamento Xeral de Recadación.”

No artigo 8º, queda redactado como sigue: “En todo o relativo a cualificación de inraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponda no seu caso, estarase ó disposto na lei xeral tributaria.”

A disposición Adicional, elimínase da ordenanza.

RECURSOS

Contra as presentes disposicións os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, a 28 de xuño de 2012.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2012006701

* * *

SALCEDA DE CASELAS

A N U N C I O

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, ao non terse presentado alegacións durante o periodo de exposición pública, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 15 de maio de 2012, sobre o expediente de modificación de créditos por crédito extraordinario 4/2012, que se fai público resumido por capítulos segundo se detalla a continuación:

ESTADOS DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	Consignación antes deste expediente	Total da consignación resultante
1	GASTOS DE PERSOAL	1.600.164,88 €	1.600.164,88 €
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	2.537.469,71 €	2.586.540,75 €
3	GASTOS FINANCEIROS	36.749,87 €	36.749,87 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	117.000,00 €	117.000,00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	75.137,14 €	237.866,06 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS.....	243.000,13 €	243.000,13 €
	TOTAIS	4.609.521,73 €	4.821.321,6 €